

*Esta fotocopia é fiel e exacta
reproducción do seu orixinal.*



Santiago,

03 MAI. 2018



XEFE do SERVIZO
de CONTRATACIÓN

Jorge Outeiriño Santos

galicia

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E
SOLO (IGVS) E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE MATERIALES PARA LA
CONSTRUCCIÓN (ASEMACO) PARA A DIVULGACIÓN DAS AXUDAS EN MATERIA
DE VIVENDA EN GALICIA E DO FINANCIAMENTO CO SISTEMA CREDIASEMACO**

En Santiago de Compostela, a 09 de abril de 2018

	VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
DATA DE ENTRADA: 08 MAYO 2018	
REXISTRO DE CONVENIOS	

REUNIDOS

Dunha parte, Dña. Ethel María Vázquez Mourelle, Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo, en virtude da atribución que lle confire o Decreto 97/2014, do 24 de xullo polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS) e o Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia.

Doutra parte, D. Agustín Moreira Graciá, Presidente da Asociación de Empresarios de Materiales para la Construcción (en adiante, ASEMACO), según acordo adotado na Asamblea Xeral Ordinaria de 16 de xuño de 2016 da devandita asociación.

As partes, recoñécense no concepto no que respectivamente interveñen, capacidade para o outorgamento do presente convenio, e para o efecto,



*Esta fotocopia é fiel e exacta
reproducción do seu orixinal.*



Santiago,

03 MAI 2018



XEFE do SERVIZO
de CONTRATACIÓN

Jorge Outeirino Santos

EXPOÑEN

galicia

Primeiro.- Ao IGVS, segundo o establecido no artigo 3 da Lei 3/1988, do 27 de abril, correspóndelle a realización da política de solo e vivenda da Xunta de Galicia, polo que está interesado en apoiar todas aquelas iniciativas de carácter público ou privado que contribúan a incentivar o sector.

Segundo.- ASEMACO é unha asociación integrada por empresas do sector de comercio de materiais de construción e saneamento, aínda que tamén teñen cabida empresas de sectores moi afíns do comercio da construción en xeral: fabricantes e distribuidores de prefabricados de formigón, plantas de formigón, fábricas de cerámica, derivados do cemento, empresas de granito, alugadores de maquinaria, etc.


O seu ámbito de actuación é Galicia e os seus fins asociativos son a xestión, defensa e coordinación dos intereses comúns das empresas asociadas integradas na mesma.

Terceiro.- Entre os servizos que presta ASEMACO está o sistema Crediasemaco, produto da colaboración coas entidades financeiras ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A., desde xullo de 2014, e con CAIXABANK, S.A., desde novembro de 2016, consistente nun sistema de financiamento das vendas das empresas asociadas aos seus clientes.

Cuarto.- Como complemento ao servizo citado e coa finalidade de incentivar o mercado da rehabilitación, que ten unha incidencia clara no sector no que opera ASEMACO, a asociación está interesada en difundir as axudas que existen neste ámbito e que supoñen un incentivo para acometer estas actuacións, e para iso amosa a súa vontade de colaborar co IGVS na divulgación das axudas xestionadas polo organismo.



*Esta fotocopia é fiel e exacta
reproducción do seu orixinal.*



galicia

Quinto.- As partes asinaron cinco convenios de colaboración dende o ano 2012 que tiñan por obxecto contribuír á difusión do sistema Crediasemaco e, por ende, constituír un mecanismo de incentivación da rehabilitación na nosa comunidade autónoma.

Os datos do Sistema Crediasemaco relativos á anualidade 2017 superan as 400 operacións, por un importe superior aos 500.000 euros. Isto leva á Asociación a valorar esta iniciativa e o seu resultado de éxito, xa que activa a actividade comercial e significa unha fonte de financiamento para o consumidor final.

Por todo o exposto, e co obxectivo de coordinar as actuacións nos obxectivos previstos, as partes asinantes acordan formalizar o presente convenio de colaboración con suxeición ás seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio.

O presente convenio ten como obxectivo establecer as pautas de colaboración entre as partes para a promoción do sistema Crediasemaco, por entender que se trata dun sistema que incide favorablemente na potenciación da realización das actuacións de rehabilitación na Comunidade Autónoma.

Segunda.- Obrigas de ASEMACO.

ASEMACO mencionará expresamente a colaboración do IGVS na divulgación e publicidade do sistema Crediasemaco nos seus centros e nas campañas publicitarias que realice a través de calquera medio de comunicación, e como complemento ao citado



**XUNTA
DE GALICIA**

Santiago,



U 3 MAI. 2018

XEFE do SERVIZO
de CONTRATACIÓN

Jorge Outeirino Santos

galicia

servizo, facilitará nas dependencias dos seus asociados, información sobre as axudas en materia de rehabilitación xestionadas polo IGVS.

Terceira.- Obrigas do IGVS.

O IGVS colaborará con ASEMACO na divulgación e publicidade do sistema Crediasemaco nos medios de comunicación, prensa e radio a nivel autonómico, sen que esta colaboración implique ningún tipo de responsabilidade para o IGVS derivada directa ou indirectamente do funcionamento do sistema Crediasemaco, e proporcionará a ASEMACO a información das liñas de axudas á rehabilitación que xestiona.

Cuarta.- Contido económico

O IGVS pagará a ASEMACO a cantidade de quince mil euros (15.000,00 €), impostos incluídos, con cargo á aplicación orzamentaria 08.80.451A.640.0 prevista nos orzamentos do IGVS para o ano 2018, para compensalo polos gastos que á asociación lle supoña a publicidade sinalada na cláusula anterior e cuxo orzamento se sinala como anexo a este convenio.

O pago realizarase contra presentación da xustificación dos gastos efectivamente realizados para cumprir cos compromisos asumidos nas cláusulas segunda e terceira do presente convenio.

O importe da achega en ningún caso poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras, supere o custo da actividade.

Quinta.- Comisión de Seguimento.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio constituirase unha comisión integrada por un representante de cada unha das partes asinantes.



Santiago,

U 3 MAI. 2018

galicia



XEFE do SERVIZO
de CONTRATACIÓN

Jorge Outeirino Santos

Sexta.- Vixencia do Convenio.

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018, podendo prorrogarse por un período igual ao da vixencia do mesmo, mediante acordo expreso das partes, sempre que a súa prórroga se adopte con anterioridade ao remate do seu prazo de duración.

Sétima.- Causas de Resolución.

Son causas de resolución do presente convenio:

- 1.- O incumprimento total ou parcial das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgunha das partes asinantes.
- 2.- O transcurso do tempo estipulado sen que se cumpran os obxectivos previstos, agás causa debidamente xustificada.
- 3.- O mutuo acordo das partes asinantes.


Oitava.- Réxime Xurídico.

Ao presente convenio non lle será de aplicación a lexislación de Contratos do sector público, conforme ó disposto no artigo 4.1.d) do Real Decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e no apartado 2 do mesmo, sen prexuízo da aplicación supletoria dos principios da Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.

Dada a natureza xurídico pública do presente convenio, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do convenio serán resoltas pola xurisdición contencioso administrativa.

Novena.- Protección de datos persoais.

De conformidade co establecido no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 29



*Esta fotocopia é fiel e exacta
reproducción do seu orixinal.*



Santiago,

U 3 MAI. 2018



XEFE do SERVIZO
de CONTRATACIÓN

Jorge Outeirino Santos

galicia

da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes do Convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente convenio e demais especificacións contidas no mesmo poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As partes comprométense a tratar os datos persoais que foran postos no seu coñecemento unicamente coa finalidade e alcance de executar o establecido no presente Convenio, respectando os requisitos establecidos na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na súa normativa de desenvolvemento.

Décima.- Divulgación da existencia deste Convenio.


As partes poderán participar na promoción, divulgación e difusión das actividades e dos resultados obtidos coma consecuencia da execución deste Convenio mediante a correspondente publicación nas súas páxinas web e demais medios de comunicación.

En proba de conformidade, asínase o presente convenio, en cuádruplicado exemplar, no lugar e data antes citados.



Ethel María Vázquez Mourelle

Por ASEMACO



Agustín Moreira Graciá

*Esta fotocopia é fiel e exacta
reproducción do seu orixinal.*



**XUNTA
DE GALICIA**

Santiago,

03 MAI. 2018



XEFE do SERVIZO
de CONTRATACIÓN

Jorge Santos

galicia

ANEXO

ACCIÓN	NÚMERO	PROVINCIAS	IMPORTE TOTAL
Campaña en distintas TV do Spot televisivo	150 pases	Catro provincias	3.000,00€
Publicidade en medios escritos	20	Catro provincias	9.000,00€
Xestión de coordinación do proxecto e distribución personalizada do soporte promocional nas catro provincias da Comunidade Autónoma Galega	Soporte publicitario a entregar nas empresas asociadas	Catro provincias	2.400,00€
Dirección, desenvolvemento, deseño e elaboración do proxecto realizado polo equipo da organización de ASEMAGO	3	Catro provincias	2.000,00€
Axuda institucional de apoio á Asociación como medida de axuda ás actividades que lle son propias	1	Catro provincias	3.000,00€
TOTAL			19.400,00€

[Handwritten signature]



